



ANUNCIO

ASUNTO: RESOLUCION ALEGACIÓNS E RESULTADO PROVISIONAL DA REALIZACIÓN DA PROBA DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS XARDIÑEIR@S DENTRO DO PLAN DE EMPREGO 2020

A secretaria do tribunal comunica ao tribunal que segundo os datos obrantes no expediente de Gestiona 1648/2020 figura alegación presentada o venres 31/07/2020 a praza de DOUS OFICIAIS XARDIÑERÍA.

Adrian Torres Cortizo con rexistro de entrada no Concello núm 3264 en data 31/07/2020 expone estar en total desacuerdo con la resolución del tribunal en relación a la anulación de la pregunta 6, aporta la documentación correspondente e solicita que volva a ser aceptada dita pregunta.

O tribunal, do proceso selectivo, ao abeiro do establecido na base 8º das Bases de convocatoria Plan emprego para a conservación e funcionamento de servizos municipais 2020, unha vez publicada a nova relación de aspirantes coa puntuación total do proceso selectivo en data 30/07/2020, acorda admitir a tramite a alegación presentada, e coa aportación dos documentos presentados polo alegante acorda solicitar informe técnico á Deputación Provincial de Pontevedra, en canto a Administración obrigada dacordo co artigo 36.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos e ademais en canto a axente financiador do Plan de Concellos 2020 Liña 3 destinada a contratación de persoas desempregadas para prestación de servizos de competencia municipal e de interese social.

Ao abeiro do anterior recíbese informe asinado en data 06/08/2020 polo funcionario da Deputación Provincial de Pontevedra Dionisio Calvarro Sanchez, técnico en mantemento e vogal titular do tribunal do procedemento selectivo de dúas prazas de Oficial xardiñería. Membro do tribunal con maiores coñecementos técnicos na materia e AUSENTE na sesión na que o tribunal resolveu eliminar a pregunta n.º 6 en substitución da R1.

O informe literalmente di: “**DIONISIO CALVARRO SANCHEZ** con DNI n.º 06979994T como funcionario da Deputación de Pontevedra, como técnico en mantemento e membro do tribunal para dúas prazas de Oficial xardiñería do Concello de Bueu dentro do Plan de Emprego 2020.

A vista da petición de informe, por parte dos membros do tribunal do proceso selectivo para cubrir dúas prazas de Oficial xardiñería do Concello de Bueu dentro do Plan de Emprego 2020, para aclaración da pregunta n.º 6 da proba test realizada en data 28/07/2020 no Centro Social do Mar.

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Alegación presentada por **Ángel Prieto Seijo** con rexistro de entrada no Concello 2020-E-RC-3186 de data 29/07/2020 onde solicita anulación da pregunta n.º 6 (xa que a mesma leva a erro posto que a principal característica dos setos formais é a xeometría por iso se chaman formais ou xeométricos) que de seguido transcribo:

6.- Cál é a característica dos setos formais?

- a) Son de baixa altura
- b) Teñen forma simétrica
- c) Son irregulares

O tribunal, por unanimidade dos seus membros, a vista da alegación presentada estima a mesma procedendo a anulación da pregunta 6 e substitución pola R1.

SEGUNDO.-Alegación presentada por **Adrian Torres Cortizo** con rexistro de entrada no Concello núm 3264 en data 31/07/2020 expón estar en total desacuerdo con la resolución del tribunal en relación a la anulación de la pregunta 6, aporta la documentación correspondente e solicita que volva a ser aceptada dita pregunta.

E polo que ante as alegacións presentadas, a dita pregunta n.º 6 do test realizado o día 28 de xullo de 2020 para a contratación de dous xardiñeiros dentro do Plan de Concellos 2020 INFORMO:

A resposta a) Son de baixa altura non é correcta baseándome documentalmente “*1- Formal:Es el más tradicional y por lo general el más utilizado, es un tipo de cerco: alto, perenne y denso. Estos tipos de setos son podados y recortados* (<http://plantasyjardin.com/2011/05/tipos-de-setos/>)

A resposta c) Son irregulares non é correcta baseandome documentalmente: “*Podar setos formales. Este tipo de setos son compactos, simétricos y estructurados y exigen*

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 C.P.36930 Bueu (Pontevedra) · CIF P-3600400J Rex. E. L. Nº 111 . E-mail: concello@concellobueu.org
Telf. 986 390 029 · Fax 986 322 099





CONCELLO DE BUEU

una poda de formación intensa y podas de mantenimiento constantes (<https://www.jardinerianatur.es/poda-de-setos/>)

A resposta b) Teñen forma simétrica baseándose documentalmente “ *La simetría es la base principal de los setos formales. Con ella conseguimos orden, proporción y equilibrio en todo el diseño* (<https://viverosgonzalez.es/es/blog/el-jardin-formal-o-informal>).

CONCLUSIÓN:

Tendo en conta o anteriormente exposto, informo que a pregunta n.º 6 está correctamente formulada e a única opción correcta das tres dadas é a resposta b) Teñen forma simétrica.”

En base a documentación presentada polo alegante Adrian Torres Cortizo así como polo sinalado no informe técnico de Dionisio Calvarro Sánchez; este Tribunal, por unanimidade dos seus membros, acorda **ESTIMAR** a alegación presentada por Adrian Torres Cortizo en base o anteriormente exposto e polo tanto rectificar a súa decisión adoptada na sesión celebrada o día 30/07/2020 (Acta III) e admitir coma correcta a Pregunta n.º 6 do test realizado o 28 de xullo de 2020 no Centro Social do Mar para o procedemento selectivo de contratación de dous oficiais de xardiñería, así como a opción b) como a única resposta válida.

O tribunal procede a revisión dos exames dos candidatos presentados a proba test realizada o martes día 28 de xullo de 2020 quedando provisionalmente os resultados como segue:

OFICIAL XARDIÑEIRO

ORDE	APELIDOS E NOME	TEST	APTO/NON APTO
1	ANNINO GRAÑA ROBERTO	5	APTO
3	FREIRE RIOBO DAVID	7	APTO
4	MENDEZ CAIÑO MARIA	7	APTO
5	PEREZ SANCHEZ MARIA ASUNCION	10	APTO
6	PRIETO SEIJO ANGEL	9	APTO
7	TOBIO VEIGA MARIA DEL ROCIO	4	NON APTO
8	TORRES CORTIZO ADRIAN	10	APTO

Logo do anterior, en aplicación da base 8ª Proba selectiva o Tribunal ordear publicar a lista provisional do xeito sinalado nas bases, reducindo a un día o periodo de alegacións motivado pola urxencia das contratacións que deberían facerse efectiva o 1 de agosto de 2020 e polo tanto conceder **o prazo de un (1) día hábil, será luns 10 de agosto de 2020**, o horario de atención o público do rexistro de 8:30 a 13:30 horas, para a presentación de **reclamacións e alegacións oportunas**.

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 C.P.36930 Bueu (Pontevedra) · CIF P-3600400J Rex. E. L. Nº 111 . E-mail: concello@concellodebueu.org
Telf. 986 390 029 · Fax 986 322 099



Cod. Validación: 5EHQ3RGMFPCSJMYXGTPKJF2ZF | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO DE BUEU

O tribunal solicita que os aspirantes empatados aqueles que **NON presentaron a documentación** que acredite as diferentes situacións relativas aos criterios preferentes, dando o mesmo prazo que os das alegacións que será o **luns día 10 de agosto de 2020**.

1º.- Vítimas de violencia de xénero. Esta situación acreditarase a través dun informe do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Bueu no que faga constar a acreditación de vítima de violencia.

2º Persoas candidatas maiores de 45 anos: a través do DNI

3º Persoas candidatas que formen familia monoparental con fillos ao seu cargo.

Familia monoparental: supostos de separación xudicial, nulidade do matrimonio, divorcio, morte ou declaración de falecemento dun dos cónxuxes e parellas de feito; con fillos a cargo (ou sexa, que convivan e dependan economicamente).Acreditación da situación correspondente.

4º Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa: declaración da renda de 2017 de todos os membros que figuren no xustificante de empadramento ou certificado de non estar obrigado a presentala emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

5º Persoas candidatas con cargas familiares: inclúe fillos/as menores de idade e maiores dependentes sen ingresos.

O Tribunal acorda **por unanimidade que o medio de presentación da documentación para os empates sexa única e exclusivamente por estas vías:**

***Presencialmente no Rexistro do Concello en horario de 8:30 a 13:30 horas de luns a venres.**

***Por correo certificado urxente. Enviando por fax (986322099 Concello) a copia da reclamación presentada á Att/ da Secretaria do Tribunal ou ao correo electrónico recadacion@concellodebueu.gal.**

***Na sede electrónica do Concello de Bueu.**

Tendo en conta que os criterios para os desempates son os tasados nas bases 3º e 8º no caso de non cumprir con ningún dos requisitos, o tribunal optará pola realización dun **SORTEO PÚBLICO**.

Convocase a aqueles candidatos que figuren empatados ao **SORTEO PÚBLICO** (de realizarse) que se levará a cabo no Salón de Plenos do Concello de Bueu o **martes 11 de agosto de 2020 a partires das 11:00 horas**.

Rematado o prazo de alegacións e os desempates o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e forma, elevando a definitiva a lista de candidatos que superaron a proba.

